

COMUNICADO

O pasado 2 de decembro, representantes do ANPA e dirección do Ceip Couceiro Freijomil reuníronse no centro con representantes do Concello de Pontedeume e Policía Local para tratar a actual situación en canto ao tráfico que está a acontecer nas últimas xornadas nas inmediacións do centro escolar.

Despois de analizar as diferentes casuísticas que acontecen e conflúen nas entradas e saídas e logo de sopesar diferentes opcións para prever e evitar calquera risco para o alumnado e as familias que acoden a pé por ser sempre os peóns as figuras máis vulnerables en materia de tráfico, acordouse por tódalas partes:

- Lembrar que se debe evitar o paso de vehículos na fronte da escola en horario de entrada e saída (8,15 a 8,45 e 13,30 a 13,45) tal como acordamos entre toda a comunidade educativa xa o curso pasado e que tan bos resultados de desconxestión e prevención estaba dando ata as últimas semanas nas que non se está a cumprir esta norma, provocando situacións de perigo na entrada da escola polas manobras que alí realizan os vehículos.
- A sinalización, cando as circunstancias meteorolóxicas o permitan, dun paso de peón que cruce directamente dende a Rúa Galera ata a beirarrúa do peirao, para inhabilitar a escasa beirarrúa que transcorre pola cristaleira da escola e que obriga a circular pola calzada, poñendo en perigo aos peóns.
- Lembrar que todo peón debe circular en todo momento polas beirarrúas e ningún vehículo debe estacionar nos lugares prohibidos e debidamente sinalizados con esa prohibición (fronte da escola) nas horas de entrada e saída así como non deben invadir beirarrúas que son o garante de seguridade das nosas crianzas.
-

Agardamos que entre todas e todos os que formamos parte desta comunidade educativa sexamos capaces de volver á situación de respecto que tan ben funcionou no fin do curso pasado e no inicio do presente curso escolar. Apelamos pois a tódolos pais e nais así como usuarios do centro. Pola seguridade das nenas e dos nenos tratemos de ser o seu exemplo a seguir cumprindo as normas .
Un saúdo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "COUCEIRO FREIJOMIL"
Código de centro: 15013503
Avda. do peirao s/n 15600 Pontedeume
Tfno: 881930480 - Fax: 881930483
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcouceirofreijomil>
ceip.couceiro.freijomil@edu.xunta.es

